



## Teaching Guide

Identifying Data					2021/22
Subject (*)	Counselling and Employment Policies	Code	652G03031		
Study programme	Grao en Educación Social				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	2nd four-month period	Third	Optional	6	
Language	Galician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación				
Coordinador	Perea Vega, Gustavo Ariel	E-mail	gustavo.perea@udc.es		
Lecturers	Perea Vega, Gustavo Ariel	E-mail	gustavo.perea@udc.es		
Web	www.udc.es/fymide				
General description	<p>Esta materia proporcionará claves para analizar e valorar as políticas de emprego que se están levando a cabo nos contextos galego, español e europeo, de xeito que se interioricen como ferramentas de traballo desde un dobre rol: primeiro como futuro/a persoa en busca de emprego que terá que usalas para a súa propia inserción, e segundo, como futuro/a educador/a que terá que desenvolver programas formativos e de inserción na comunidade. Transversalmente, o alumnado valorará criticamente a perspectiva institucional do escenario sociolaboral non que estamos a vivir e as alternativas posibles ao incremento das desigualdades sociais.</p>				
Contingency plan	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Modifications to the contents</li> <li>2. Methodologies <ul style="list-style-type: none"> <li>*Teaching methodologies that are maintained</li> <li>*Teaching methodologies that are modified</li> </ul> </li> <li>3. Mechanisms for personalized attention to students</li> <li>4. Modifications in the evaluation <ul style="list-style-type: none"> <li>*Evaluation observations:</li> </ul> </li> <li>5. Modifications to the bibliography or webgraphy</li> </ol>				

## Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A3	Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos.
A15	Elaborar e xestionar medios e recursos para a intervención socioeducativa.
A16	Comprender a traxectoria da Educación Social e a configuración do seu campo e identidade profesional.
A17	Formar axentes de intervención socioeducativa e comunitaria.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.



C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Analizar criticamente o escenario sociolaboral e as políticas de emprego, recollendo e utilizando para isto a información a través das TICs	A3 A5 A8	B1	C3
Comprender o papel da orientación profesional como medida activa de emprego na que pode intervir o/a educador/a social	A16 A17		
Analizar, sintetizar e valorar criticamente as políticas de emprego actuais a nivel autonómico, estatal e europeo, manexando distintas fontes de información que lle permiten exercer unha cidadanía crítica e formular solucións orientadas ao ben común	A3 A5 A8 A15 A17	B1	C4
Diagnósticar unha comarca galega en canto a formación existente e propoñer alternativas de actuación desde a perspectiva do/a educador/a social	A3 A5 A15	B1	
Sintetizar, relacionar e valorar os resultados de aprendizaxe adquiridos nun cartafol, utilizando as TICs	A3 A5	B1 B2	C3
Integrar actitudes éticas e deontolóxicas ao valorar criticamente as políticas activas de emprego e ao transmitir criticamente a información desde o rol de educador/a social	A3 A5	B1 B5 B6	C1
Utilizar as TICs nos procesos de simulación de orientación das persoas desempregadas	A15 A17		C3
Valorar desde o punto de vista do educador/a social a importancia da cultura emprendedora como elemento alternativo ao traballo por conta allea, así como a importancia da formación ao longo da vida	A16 A17		C5 C7
Elaborar o seu itinerario formativo a longo prazo, incluíndo as súas necesidades de formación no campo das TICs	A17		C3 C7
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, no galego			C1

Contents	
Topic	Sub-topic
TEMA I. O escenario sociolaboral	<p>A evolución do traballo. Análise da profesión de educador/a social</p> <p>A evolución do desemprego. Actuacións segundo o tipo de desemprego</p> <p>Competencias actuais que require o mercado laboral</p> <p>O papel da formación profesional no escenario sociolaboral</p> <p>A igualdade de xénero no escenario sociolaboral actual.</p>



TEMA II. As políticas de Emprego: evolución e situación actual. Medidas alternativas	<p>As políticas de Emprego na Unión Europea. FEDER, FSE, Emprego e Innovación social (Progress, Eures), Erasmus +</p> <p>As políticas de Emprego en España: Estratexia europea para o emprego en España, Programa Nacional de Reforma, Estratexia española par ao emprego, PAPE</p> <p>As políticas de Emprego en Galicia: convocatorias concretas</p> <p>A igualdade de xénero a través das políticas de emprego</p>
TEMA III. A orientación profesional como medida activa de emprego	<p>Organización da orientación profesional en Galicia</p> <p>Profesionais implicados na orientación profesional</p> <p>Accións a desenvolver na orientación profesional. Accións individuais. Accións grupais</p> <p>Fases no proceso de orientación profesional: autoconecemento, o perfil profesional, o mercado laboral, fontes de información laboral, procesos selectivos, ferramentas na busca de emprego, seguimento do proceso de busca de emprego</p> <p>A orientación profesional como medida para reducir as desigualdades de xénero</p> <p>O autoemprego. Alternativas</p>

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Mind mapping	A3 A5 B1 B2	1	8	9
Document analysis	A5 A15 B1 C3 C4 C5	2	10	12
Directed discussion	A8 A16 A17 B1 B5 B6 C1 C4 C5 C7	12	2	14
Student portfolio	B2	2	20	22
Supervised projects	C3 C7	2	12	14
Workbook	C4 C7	1	6	7
Guest lecture / keynote speech	A3 A5	15	31	46
Seminar	A20 C4	2	0	2
Oral presentation	A3 A15 B1 B2 B6 C1 C3	6	15	21
Introductory activities	A3	1	0	1
Personalized attention		2	0	2

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Mind mapping	O alumnado confeccionará un mapa conceptual no que establecerá as relacións dos conceptos aprendidos en toda a materia. Este mapa será dixital.
Document analysis	O alumnado buscará na rede información e documentos necesarios para realizar os exercicios propostos na aula, especialmente realizará unha consulta diaria do DOG para realizar o exercicio de análise das políticas de emprego. Dentro desta análise se inclúe a situación da profesión de educación social e a perspectiva de xénero nestas políticas.
Directed discussion	O alumnado discutirá sobre as situación sociolaboral actual, as políticas de emprego desenvolvidas e o seu rol como educadores/as á hora de levar a cabo unha orientación laboral. Esta discusión pode ser levada a cabo tanto na aula como a través da plataforma teams.
Student portfolio	O alumnado recollerá nun portafolio os exercicios realizados durante o período da materia. Este portafolio servirá para avaliar ao alumnado e conterá tamén unha valoración final das aprendizaxes realizadas. O portafolio será dixital.
Supervised projects	O alumnado elaborará distintos exercicios propostos na aula baixo a supervisión do profesor. A aula poderá ser física ou virtual, segundo as circunstancias sobrevidas. Os traballos presentaranse de forma dixital.



Workbook	O alumnado terá que introducirse no hábito de lectura como fonte de actualización profesional importante para a toma de decisións con fundamento, para isto consultará diariamente o DOG na busca de información relevante para a materia. Identificarase prexuízos e actitudes sexista nas políticas de emprego.
Guest lecture / keynote speech	O profesor explicará os conceptos teóricos da materia utilizando tamén o diálogo dirixido e facendo partícipe ao alumnado nas clases, de xeito que resulten máis dinámicas e interactivas. As clases expositivas serán impartidas a través de teams.
Seminar	Forma parte do Programa Piloto para a docencia en galego no Grao de Educación social. A súa finalidade é dupla. Por unha parte, trátase de visibilizar referentes profesionais que utilizan o galego como lingua de traballo. Por outra, permite achegar praxes profesionais vencelladas á inserción laboral de diferentes colectivos
Oral presentation	O alumnado exporá o resultado da análise das políticas de emprego a través da simulación dunha entrevista de traballo. Esta presentación poderá ser na aula física ou virtualmente a través de teams, segundo as circunstancias sobrevidas.
Introductory activities	O profesor realizará unha actividade inicial de sondeo para analizar as ideas previas do alumnado sobre a materia en cada unha das sesións e así conectalas coa información que se vai proporcionar nesa clase

### Personalized attention

Methodologies	Description
Supervised projects Student portfolio Mind mapping	<p>A materia está configurada de forma que todos os contidos están colgados en moodle, o que facilita o paso dunha metodoloxía presencial a unha virtual no caso de ser necesario. As clases poden desenvolverse tanto presencial como virtualmente a través da aplicación teams e o encerado virtual. Esta semipresencialidade virá dada polas instrucións que se reciban da facultade.</p> <p>Na atención personalizada o profesor resolverá as dúbidas que teña o alumno sobre os diferentes temas a traballar na materia.</p> <p>Esta atención personalizada realizarase preferentemente de forma virtual, a través de Teams, e excepcionalmente no despacho do profesorado</p> <p>O horario de titorías estará colgado no taboleiro que está no despacho do profesor, en moodle, na páxina web do departamento de Filosofía e Métodos de Investigación en Educación, e na páxina da Facultade de Ciencias da Educación.</p> <p>No caso de que a situación o requira e así o determine o profesor, a atención poderá ser, en horario de titorías, vía: moodle, teams, correo electrónico, e excepcionalmente outras ferramentas que faciliten a atención ao alumnado.</p>

### Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
---------------	------------------------	-------------	---------------



Student portfolio	B2	<p>O portafolio estará formado por todos os exercicios que se vaian facendo ao longo da materia, máis unha valoración final por parte do alumnado das aprendizaxes realizadas na materia. Os traballos a incorporar son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Análise semanal do DOG durante o período lectivo. Elaboración dunha ficha predeterminada polo docente, por cada unha das políticas que se publican. Valorarase a presentación, a síntese da información contida na ficha, e o número de políticas recompiladas.</li><li>- Exposición semanal de políticas de emprego. Exposición por parellas de unha ou varias políticas de emprego asignadas ao chou con tratamento dos contidos determinados polo profesorado.</li><li>- Exercicio de autocoñecemento. Elaboración dunha ficha predeterminada polo docente. Valorarase a presentación e a profundidade da análise.</li><li>- Exercicio de ficha ocupacional. Elaboración dunha ficha predeterminada polo docente. Valorarase a presentación e a profundidade da análise.</li><li>- Exercicio de análise da formación. Elaboración dunha ficha predeterminada polo docente. Valorarase a presentación e a profundidade da análise.</li><li>- Exercicio de mapas conceptuais. Elaboración dunha ficha predeterminada polo docente. Valorarase a presentación e a síntese da análise.</li><li>- Exercicio sobre ferramentas de busca de emprego. Elaboración dunha ficha predeterminada polo docente. Valorarase a presentación e a síntese da análise.</li><li>- Exercicio de valoración final. Aprendizaxes adquiridas na materia (qué sabía, que aprendín, en qué seguir formándome). Relación/vinculación das aprendizaxes realizados coas materias cursadas no grao. Aspectos da materia observados no Practicum I e aspectos da materia a observar no Practicum II. Reflexións sobre a materia e aspectos a mellorar.</li></ul> <p>Os criterios de cualificación serán proporcionados o primeiro día de clase, na presentación da materia.</p>	100
-------------------	----	---	-----

Assessment comments



## ASISTENCIA

A asistencia ás sesións presenciais ou virtuais é obrigatoria.

A asistencia xustifícase en base a que as clases son moi interactivas e se traballan aspectos procedimentais e actitudinais que son necesarios para aprobar a materia, polo tanto, nesta materia non procederá a dispensa de asistencia no alumnado con matrícula a tempo parcial.

Aquelas persoas con matrícula a tempo parcial solicitarán unha titoría, antes do inicio da materia, co obxecto de establecer o réxime de asistencia (que será como mínimo, o 50% das clases, e a súa non consecución impedirá a superación da materia), as actividades a realizar, o sistema de avaliación, e o proceso de supervisión e seguimento.

O alumnado con asistencia regular, que non acuda a unha clase na que se realice algunha actividade, terá que facela individualmente e entregala no prazo indicado na clase. O alumnado que non asistan ó 80% das horas de clase terá unha cualificación de non presentado. O alumnado que non presente todos os traballos da materia terá unha cualificación de non presentado. Na oportunidade de xullo, o alumnado realizará un exame teórico sobre os contidos tratados na aula.

No caso de desenvolver as clases de forma virtual a través de Teams, a asistencia obrigatoria se manterá.

## REQUIRIMENTOS PARA APROBAR A MATERIA

A cualificación final será o resultado da puntuación obtida no portafolio do alumnado, sendo indispensable obter a metade da cualificación para superar a materia. Se un/ha alumno/a non acada o 80% da asistencia e/ou non presenta o portafolio, terá unha cualificación de non presentado. Na oportunidade de xullo realizará un exame teórico sobre os contidos tratados na aula.

Será primordial e obrigatorio a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación), gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia.

**PLAXIO:** O plaxio en calquera das actividades realizadas durante a materia, incluído o portafolio, será motivo de suspenso. No relativo á realización fraudulenta (plaxio) das probas de avaliación, a cualificación axustarase ao establecido no artigo 14. 4. Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: "Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".

**FALSIFICACIÓN DUNHA FIRMA:** Asinar na folla de asistencia por un/unha compañeira ou compañeiro ausente será penalizado coa perda de avaliación continua. **NORMATIVA ACADÉMICA DE AVALIACIÓNS, CUALIFICACIÓNS E RECLAMACIÓNS**

[https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/\\_galeria\\_down/academica/Normas\\_avaliacion\\_revision\\_reclamacion\\_consolidado\\_1.pdf](https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf)



<b>Basic</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Echeverría, Benito. (Coord) (2008). Orientación profesional. Barcelona: Editorial UOC</li><li>- Ministerio de educación (2006). Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.</li><li>- Ministerio de trabajo (2015). RDL 3/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Empleo.</li><li>- Ministerio de trabajo (2002). Ley 5/2002, de 19 de junio, de las cualificaciones y de la formación profesional.</li><li>- Incual (2019). Páxina principal do Incual. <a href="http://incual.mecd.es/">http://incual.mecd.es/</a>.</li><li>- Xunta de Galicia (2019). Páxina sobre as competencias clave. <a href="http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-competencias-clave;jsessionid=F719B6C003E7D4F2A9D2CBA7AE0818D3">http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-competencias-clave;jsessionid=F719B6C003E7D4F2A9D2CBA7AE0818D3</a>.</li><li>- Ministerio de educación (2011). REAL DECRETO 1147/2011, de 29 de julio, por el que se establece la ordenación general de la formación profesional del sistema educativo. (BOE del 30 de julio de 2011)..</li><li>- Ministerio de trabajo (2007). REAL DECRETO 395/2007, de 23 de marzo, por el que se regula el subsistema de formación profesional para el empleo.</li><li>- Ministerio de trabajo (2015). LEY 30/2015, de 9 de septiembre, por la que se regula el Sistema de Formación Profesional para el empleo en el ámbito laboral.</li><li>- Xunta de Galicia (2019). Páxina sobre o recoñecemento das competencias profesionais. <a href="http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-reconecemento-experiencia-profesional">http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-reconecemento-experiencia-profesional</a>.</li><li>- Bernard García, Roberto (2014). Guía de financiación europea. Programas Sociales 2014-2020. Madrid: Plataforma de ONG de Acción Social</li><li>- Comisión europea (2019). Estrategia Europea de Empleo. Recuperado de: <a href="http://ec.europa.eu/social/main.jsp?catId=101&amp;langId=es">http://ec.europa.eu/social/main.jsp?catId=101&amp;langId=es</a>.</li><li>- Moncloa (2019). Programa Nacional de Reformas. Recuperado de: <a href="http://www.mineco.gob.es/stfls/mineco/prensa/ficheros/noticias/2018/PNR2019.pdf">http://www.mineco.gob.es/stfls/mineco/prensa/ficheros/noticias/2018/PNR2019.pdf</a>.</li><li>- Ministerio de trabajo (2003). LEY 56/2003, de 16 de diciembre, de Empleo (BOE del 17 de diciembre de 2003)..</li><li>- Sánchez García, María Fé. (2004). Las exigencias de adaptación al mundo laboral. En Orientación laboral. Para la diversidad y el cambio.. Madrid: Sanz Torres</li><li>- Ansias Bacelar, María Teresa Lourdes (2018). Orientación laboral e promoción da calidade na formación profesional para o emprego. España: Servipost Editores, S.L. (Antes Servi-Aca, S.L). Madrid: Editorial CEP, S.L</li><li>- Pueyo, Javier et alt (2021). Ser joven entre dos crisis.. Catarata. Madrid.</li><li>- Cueto, Begoña. y Suárez, Patricia (2015). ?El papel de las políticas activas: una perspectiva desde las comunidades autónomas?, Ekonomiaz: revista vasca de economía. Núm. 87. 1º semestre, págs. 283-309.. Ekonomiaz: revista vasca de economía. Núm. 87. 1º semestre, págs. 283-309.</li><li>- Rubio, Francisco (2020). Las políticas de empleo en el ámbito autonómico. Dykinson. Madrid</li><li>- Vila, Francisco (Coord) (2017). Las políticas de empleo en el ámbito local. Diputación de Málaga. Málaga.</li><li>- Ansias Bacelar, María Teresa Lourdes (2018). Orientación laboral e promoción da calidade na formación profesional para o emprego. España: Servipost Editores, S.L. (Antes Servi-Aca, S.L) Bermúdez Bande, Silvia (2018). Cuaderno del alumno : selección, elaboración, adaptación y utilización de materiales, medios y recursos didácticos en formación profesional para el empleo : certificados de profesionalidad. Docencia de la formación profesional para el empleo. Madrid: Editorial CEP, S.L.</li></ul>
--------------	---



<b>Complementary</b>	<p>Bastida, Antonio. (2001) La inserción sociolaboral. Reflexiones sobre la práctica. Madrid, Popular; Carmona, Gabriel. (2001). El plan personal para la inserción socio-laboral: teoría y práctica en la empresa para la inserción laboral. Huelva, Universidad de Huelva; Casal, Joaquim. (2000). Modalidades de transición profesional y precarización del empleo, en Cachón, Lorenzo. (ed.). La inserción profesional. Alzira, Germania, pp. 151-180; GALLART, María Antonia. (2002). Educación y trabajo. Montevideo, Cinterfor; MARHUENDA, Fernando. (coord.)(2006). La cualificación profesional básica: competencias para la inclusión sociolaboral de jóvenes. Revista de Educación, nº 341; Navarro, Vicenç.Torres, Juan. e Garzón, Alberto. (2011). Hay alternativas. Propuestas para crear empleo y bienestar social en España. Madrid: Editorial Sequitur; Castillo, Juan José. (2009). La soledad del trabajador globalizado. Memoria, presente y futuro. Madrid: Editorial Catarata; Vence, Xabier. (2011). Crise e radicalización neoliberal. As alternativas silenciadas. Santiago: Editorial Laiovento; Garzón, Alberto.; Torres, Juan e Navarro, Vicenç. (2012). Lo que España necesita . Bilbao: Editorial Deusto; Navarro, Vicenç, Torres, Juan e Garzón, Alberto. (2011). Hay alternativas. Propuestas para crear empleo y bienestar social en España.. Madrid: Editorial Sequitur; Castillo, Juan José. (2009). La soledad del trabajador globalizado. Memoria, presente y futuro. Madrid: Editorial Catarata; Vence, Xabier. (2011). Crise e radicalización neoliberal. As alternativas silenciadas. Santiago: Editorial Laiovento; .Ruiz Viñals, Carmen. (Coorda) ((2006)). Políticas sociolaborales. Un enfoque pluridisciplinar.. Barcelona: Editorial UOC</p>
----------------------	--

## Recommendations

### Subjects that it is recommended to have taken before

Occupational Guidance/652G03021

### Subjects that are recommended to be taken simultaneously

### Subjects that continue the syllabus

### Other comments

Orientación e Políticas de Emprego complementa os contidos da materia Orientación Ocupacional. Permite analizar a evolución e características actuais do mercado laboral, das políticas de emprego desenvolvidas na Unión Europea, en España e en Galicia, así como distintas olladas sobre as reformas laborais e das pensións e sobre a actual crise e como se pode atallar.

Os traballos serán enviados telemáticamente e de non ser posible, no se utilizará plásticos, elixirase a impresión a dobre cara, empregárase papel reciclado e evitarase imprimir borradores.

Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural

Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais.

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.